

## **NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MASTER**

(Aprobado en Consello de Goberno do 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018)

### **PREÁMBULO**

O Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón no capítulo IV *“Ensinos universitarios oficiais de máster”*, artigo 15.3, que os ensinos de máster *“concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster que terá entre 6 e 30 créditos”*. No anexo I do citado real decreto, establécense as características e os requirimentos da memoria de verificación, documento que *“constitúe o compromiso da institución, sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas”*. No seu apartado 5.1, táboa 2, queda clara a total integración do traballo fin de máster na estrutura das ensinanzas.

O Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, que modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dá unha nova redacción ao artigo 6 referido ao recoñecemento e transferencia de créditos, e sinala: *“en todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado”*.

Neste contexto, cos criterios definidos polos reais decretos, correspóndelle a cada universidade, no exercicio da súa autonomía, establecer as normas que lle sirvan de regulación ao traballo de fin de máster. A presente normativa diseña o marco xeral para o desenvolvemento dos traballos de fin de máster na Universidade de Vigo e as súas finalidades son:

- Unificar os procedementos que faciliten o seu desenvolvemento e a súa xestión administrativa.
- Procurar que, considerando as particulares características que o traballo de fin de máster ten entre as materias das titulacións, se manteña a súa integración na estrutura das ensinanzas.
- Garantirle ao alumnado que a elaboración, defensa e avaliación do seu traballo de fin de máster pódese desenvolver de maneira axeitada.

Máis aló do marco definido nesta normativa, en atención ás peculiaridades das titulacións de máster que teña adscritas, cada centro establecerá a súa propia normativa interna para o desenvolvemento do traballo de fin de máster, con observación da debida publicidade da norma.

### **REGULAMENTO**

## **Artigo 1. Do obxecto desta normativa.**

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de máster.

## **Artigo 2. Do ámbito de aplicación.**

1. As previsións contidas na presente normativa aplicaráselle aos traballos de fin de máster correspondentes aos títulos de máster da Universidade de Vigo
2. No caso dos títulos oficiais de máster de carácter interuniversitario, esta normativa só se lle aplicará ao estudantado matriculado na Universidade de Vigo, agás que o convenio regulador do título correspondente, estableza outras disposicións ao respecto.
3. O traballo de fin de máster nos títulos que habilitan para o exercicio de actividades profesionais reguladas, rexerase polo disposto na orde que estableza os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, da presente normativa.
4. O contido desta normativa complementase co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar, referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia, en todos os seus ámbitos, das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
5. Cada centro desenvolverá o presente regulamento nunha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais de máster que se impartan nel. En calquera caso, as normas que establezan os centros deberán ser públicas e axeitadas ao disposto nesta normativa e nas memorias de verificación das titulacións.
6. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de máster forman parte das obrigas docentes do profesorado, excepto o valedor ou valedora universitario, que estará eximido de ditas obrigas. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

## **Artigo 3. Da definición do traballo fin de máster**

1. O traballo de fin de máster forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de máster. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación, teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.

2. O traballo de fin de máster é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso, pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias da titulación.
3. O feito de que o traballo de fin de máster sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola Comisión Académica do Máster. Neste caso, o alumnado implicado nun mesmo traballo, compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de máster elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
5. O traballo de fin de máster poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a Xestión.
6. O traballo de fin de máster terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente, e única para cada titulación.
7. A redacción dos traballos de fin de máster da Universidade de Vigo debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.
8. O traballo fin de máster poderá ser cotitorizado por conferenciantes externos que participen no máster. Nese caso existirá unha persoa titora académica que compartirá coa persoa cotitora externa as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.

#### **Artigo 4. *Da matrícula do traballo de fin de máster.***

1. Para poder matricularse no traballo de fin de máster será requisito imprescindible matricularse de todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do traballo de fin de máster realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de máster.
3. A matrícula do traballo de fin de máster dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 7.7.

4. A validez da matrícula do traballo de fin de máster será a mesma que a de calquera outra materia e, por tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante depositase o traballo no centro e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao do depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito unha matrícula reducida do 25% do custo da primeira matrícula.

#### **Artigo 5. *Da titorización do traballo de fin de máster.***

1. Os traballos de fin de máster realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de máster; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso incluso a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da Comisión Académica do Máster. Tamén poderá ser persoa titora calquera docente das universidades participantes nun programa interuniversitario. Se a natureza do traballo de fin de máster o requirise, poderanse establecer equipos titoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza o centro.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, o centro será o responsable da substitución das persoas titoras e establecerá os procedementos que sexan precisos.

#### **Artigo 6. *Da asignación da titorización e da temática do traballo de fin de máster.***

1. Correspóndelle ao centro establecer na súa propia normativa os criterios, procedementos e o calendario para asignar ás persoas titoras de cada estudante, así como a temática de cada traballo, aténdose ao recollido na presente normativa.
2. Garantirase a todo o estudiantado matriculado na materia de traballo de fin de máster a debida titorización.
3. Garantirase que se poidan desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación, e que o estudiantado dunha titulación con varios itinerarios poida realizar o seu traballo de fin de máster dentro da temática do itinerario que estea a cursar.
4. Establecerase un calendario para todo o proceso de adxudicación de persoas titoras e temas que posibilite elaborar axeitadamente os traballos dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo aprobado para cada curso académico.

5. O centro ou centros responsables do título daranlle a debida publicidade ás asignacións definitivas da titorización a cada estudante. Poderanse reclamar fronte a estas asignacións no prazo de sete días naturais ante a Comisión Académica do Máster.
6. A asignación da titorización e da temática para o traballo de fin de máster terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos terá que volver realizarse un novo proceso de adxudicación.
7. Cada centro regulará o procedemento para que o/a estudante poida solicitar un cambio na titorización ou no tema do seu traballo de fin de máster, e para que a persoa titora poida solicitar o cambio de estudante asignado/a e de temas ofertados.

### ***Artigo 7. Da presentación e defensa do traballo de fin de máster.***

1. Cada traballo de fin de máster será presentado e defendido polo seu autor ou autora ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
2. Os centros, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerán as datas de celebración das defensas dos traballos de fin de máster dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo. En calquera caso deberá garantirse o cumprimento das horas de traballo correspondentes ao ECTS do traballo de fin de máster.
3. Cada estudante solicitará a defensa do traballo fin de máster unha vez recibido o informe favorable da persoa titora. Os centros establecerán o procedemento de depósito do traballo e os prazos para realizar a solicitude de defensa.
4. Excepcionalmente, a Comisión Académica do Máster, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante.
5. A defensa do traballo de fin de máster realizada polos/as estudantes será pública e presencial. A Comisión Académica do Máster poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, a condición de que concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
6. A Comisión Académica do Máster deberá establecer e anunciar publicamente a estrutura e a duración máxima da exposición, así como a data, hora e lugar da mesma.
7. O traballo fin de máster só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de máster, agás os correspondentes ao propio traballo fin de máster. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaría do Centro solicitará ao profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

### ***Artigo 8. Da avaliación e cualificación do traballo de fin de máster.***

1. O presente regulamento contempla dous mecanismos de avaliación e cualificación do traballo fin de máster: avaliación e defensa ante un tribunal colexiado e ante un tribunal unipersoal. A normativa propia de cada centro deberá indicar, para cada titulación de máster que imparta, se opta por utilizar unicamente unha destas modalidades, ou ben ámbalas dúas.  
No caso de que para un máster se contemplen ambas modalidades, a Comisión Académica de Máster establecerá os criterios, prazos e mecanismo destinados a facer efectiva a opción de cada estudante, dentro dos límites fixados polo presente regulamento. En todo caso ambas opcións serán excluíntes entre si para cada estudante.
2. O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada traballo de fin de máster presentado e defendido. A cualificación deste tribunal poderá ser única ou poderá supoñer unha porcentaxe da cualificación final que, de ser o caso, será polo menos do 70%; o resto pode depender doutros criterios, sistemas de avaliación e responsables establecidos na normativa interna do centro.
3. O tribunal de avaliación do traballo de fin de máster deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, a exposición pública dos traballos e, de ser o caso, o informe da persoa titora.
4. A cualificación global terá en conta, polo menos, a calidade científica, técnica ou artística do traballo presentado, a calidade do material entregado, os contidos incluídos e o grao de adquisición das competencias específicas da titulación, incluídas as competencias transversais. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente do traballo de fin de máster de cada titulación.
5. No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralles ao/á estudante e, de ser o caso, á persoa titora, un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
6. A entrega de actas dos traballos de fin de máster estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

### ***Artigo 8 bis. Da avaliación e cualificación por Tribunal Colexiado.***

1. A Comisión Académica do Máster nomeará, en base a criterios públicos e motivados, o tribunal de avaliación colexiado do traballo de fin de máster entre o profesorado da titulación (ou profesorado do centro se así se recolle na normativa propia deste). Este estará constituído polo menos por tres persoas que exercerán presidencia, secretaría e vogal, podendo haber máis dunha persoa vogal. Debido ás características dos traballos presentados ou ao número de estudantes que opte por esta modalidade de avaliación, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.
2. De xeito excepcional, a Comisión Académica do Máster poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación colexiado outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que

posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao máster e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.

3. Na súa normativa interna, o centro definirá o papel das persoas titoras e cotitoras na defensa, avaliación e cualificación dos traballos de fin de máster por parte do tribunal de avaliación colexiado. As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa. A súa participación nas deliberacións do tribunal de avaliación colexiado será excepcional e regularase na normativa interna do centro.
4. O tribunal de avaliación colexiado do traballo de fin de máster constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.

### ***Artigo 8 ter. Da avaliación e cualificación por Tribunal Unipersoal.***

1. A Comisión Académica do Máster nomeará como tribunal unipersoal para cada traballo de fin de máster que se avalíe nesta modalidade á persoa titora do mesmo. Nas circunstancias que se regulen na normativa interna do centro, tamén poderá nomear como tribunal unipersoal a outro/a profesor/a.
2. O acto de defensa será público e deberá anunciarse coa debida publicidade e antelación.

### ***Artigo 9. Dos traballos de fin de máster realizados noutra universidade.***

1. De acordo co apartado 3.5 desta normativa, o estudantado pode solicitar a realización do traballo fin de máster noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Máster solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora a efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e praxe da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do traballo fin de máster.

Disposición final. A modificación do artigo 8 aprobada polo Consello de Goberno o 13 de novembro de 2018 entrará en vigo no curso 2019/20.